

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día dezaoito de febreiro de dous mil vinte e un, reúnese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria correspondente a este día. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López e don Sergio Saavedra Gutiérrez. Non asisten e xustifican a súa ausencia: don Alejandro Antonio García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro (sistema videoconferencia) e do interventor do Concello don Manuel Larrosa Rodríguez; sesión que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2021/8.

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/8 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 4 facturas ascende á cantidade de TRINTA MIL SEISCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (30.651,78 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/8 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 30.651,78 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

Despois de ver a anterior proposta de Alcaldía e as facturas, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta.

2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIONES PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

Expte.- 2019/C005/000004- Bis

Aprobado reinicio do expediente de contratación de: “Subministro e instalación de instalacións portátiles de aseos e socorrismo para as praias do Concello de Valdoviño”; con subvención nominativa da Deputación Provincial- proxecto 2018-2-INPRA-1. Xestión dos areas do Concello de instalacións portátiles de aseos e socorrismo.

Documentación técnica dos arquitectos Iago Fernández Penedo- 4029 COAG e Oscar Fuentes Dopico- 4059 COAG; cun importe total de 84.700 euros (IVE incluído); IVE: 14.700,00€; prezo sen IVE: 70.000€.

Licitación: procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da Licitación na Plataforma de Contratos do Estado e presentadas as ofertas, en sesión de 21.01.21 a Mesa de Contratación aperturou e examinou a documentación do sobre “A”, resultando que a única empresa presentada: INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. presentou a documentación completa e correcta, polo que se admite na licitación.

En sesión de data 11.02.21 a Mesa de Contratación celebra sesión para apertura da oferta económica, contida no sobre “C”.

A empresa **CIF: B70431424 INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER, S.L.**, axustase ao Anexo II, e fai constar:

“Prezo

Ofrece o seguinte prezo (Datos só en números, non en letra):

A) Prezo sen IVE.- 69.990,00 Euros

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 14.697,90 euros.

C) Total (A+B) .- 84.687,90 euros.

Comprobado co Programa de Valoración de Ofertas Económicas da Deputación a non existencia de baixa temeraria na oferta

A MESA PROPÓN ao Órgano de Contratación, a adxudicación do contrato SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIONES PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, á empresa **CIF: B70431424 INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER, S.L motivada a proposta** en que foi a única entidade licitadora e en que a súa oferta cunha baixa que representa un 0,01% non está incurso en causa de anormalidade.

Vistos o antedito, esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Considerando que a empresa **CIF: B70431424 INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER, S.L** , presenta unha oferta que non incurre en baixa temeraria cun importe:

.Ofrece o seguinte prezo:
Prezo sen IVE.- 69.990,00 Euros
IVE: 21%. Importe: 14.697,90 euros.
Prezo total .- 84.687,90 euros.

Requerir a dito licitador para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE; 3.429,71 euros); aos efectos de poder serlle adxudicado o subministro e instalación de portátiles de aseos e socorrismo para as praias.

Segundo.- Notificar o presente acordo á citada entidade, para o seu coñecemento e efectos.

Non obstante, a Xunta decidirá o que estime convinte.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-

Asistentes:
Alberto González Fernández - Presidente
Rosa Ana García López
Sergio Saavedra Gutiérrez

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que seguimos coas mesmas medidas de prevención e seguridade. Continuamos tamén coas restricións decretadas pola Xunta e a espera de novos cambios.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e trinta minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde